



Nava Castro
Directora de Turismo

Confirmó ayer que remitirá al Parlamento gallego el contrato con la productora de Enrique Iglesias en el plazo de siete días. “Estamos ahora en Semana Santa y después ya se colgará, claro que sí”, zanjó Castro.



J. L. Méndez Romeu
Portavoz del PSdeG

El PSdeG pidió que el Consejo de Contas controle las ayudas y subvenciones de la Xunta a los municipios, y también demandó un análisis de las entidades públicas instrumentales del sector público.



Pilar Rojo
Presidenta del Parlamento

La presidenta del Parlamento de Galicia viaja a Buenos Aires, Argentina, donde tiene previsto realizar diversos actos institucionales, así como reuniones con el colectivo gallego de la ciudad.



Román Rodríguez
Conselleiro de Cultura

La Consellería de Cultura destina un total de 181.480 euros, cofinanciados por el Fondo Feder en un 80 por ciento, a las obras de restauración de la iglesia del monasterio de Santa María, en Melón (Ourense).

Biofarma+Esteve: á busca de fármacos contra a dor crónica



Loza explica o funcionamento da unidade ás autoridades políticas e académicas

O grupo Biofarma da Universidade de Santiago (USC) e Laboratorios Esteve colaboran dende hai unha década. En 2011 crearon unha primeira

unidade mixta que agora vén de reforzar a súa unión co novo programa da Xunta, converténdose así na primeira iniciativa de codesenvolvemento de

fármacos entre o ámbito público e privado en España, salienta a súa responsable, a catedrática da USC e coordinadora de Biofarma, Mabel Loza.

A nova unidade mixta, que garante a propiedade intelectual compartida entre os socios, céntrase na procura de novos medicamentos contra a dor crónica. Porque malia que a dor é o motivo de consulta médica máis común, séguense a empregar fármacos para atallalo desenhados hai xa moito tempo e cunha “importante limitación en eficacia e seguridade”, indica o director de descuberta de fármacos de Esteve, José Miguel Vela.

Ao longo de tres anos, esta triple alianza público-privada mobilizará 2,7 millóns de euros (a Xunta achega 0,8) e xerará 30 postos de traballo de alta cualificación.

A unidade ubícase fisicamente no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (Cimius) da USC.

En 2014 creáronse oito novas alianzas entre empresas e centros tecnolóxicos ou universidades. Estes son algúns dos protagonistas e retos **TEXTO Xulia Crego**

Unidades mixtas: a unión fai máis I+D+i

As colaboracións entre universidades e centros tecnolóxicos coas empresas para beneficio mutuo non son nada novo. Pero dar o salto das relacións puntuais en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) a unha colaboración máis estreita e intensa pode acelerar de forma importante a transferencia do coñecemento ao mercado e potenciar tamén a creación de novo coñecemento máis básico. Esta é a idea na que se sustenta o programa de unidades mixtas da Xunta, unha acción que na súa primeira edición, lanzada en 2014, permitiu consolidar 8 relacións intermitentes e xerar 110 empregos de alta cualificación na comunidade.

O apoio do Goberno galego consiste nun financiamento que cobre o 30% do investimento de cada unidade mixta. A empresa ten que asumir o 40%, porcentaxe que polo menos debe ascender ao millón de euros, e o resto corre por parte do outro socio, institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant) e a empresa Everis conforman unha das parellas de

feito promovidas por este programa. “O soporte da Xunta foi esencial para que iniciásemos este proxecto conxunto. Ata o momento, as colaboracións entre Gradiant e Everis foran puntuais e motivadas por demandas concretas, pero grazas á unidade mixta creáronse unha serie de liñas de investigación estables en e-saúde (aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao ámbito sanitario)”, expón Helena Fernández López, directora técnica de e-saúde de Gradiant, centro tecnolóxico constituído formalmente en 2007 e con sede no campus de Vigo.

“O modelo de unidade mixta achega unha colaboración estable, a longo prazo, en I+D+i entre os organismos de investigación e as empresas tractoras nos principais sectores estratéxicos de Galicia”, coincide Chini Porro, coordinadora da unidade mixta formada polo grupo conserveiro Jealsa Rianxeira e Anfaco-Cecopesca (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe e Marisco), socio que dispón dun centro tecnolóxico tamén ubicado no campus de Vigo.

O Centro Tecnolóxico de Auto-

Jealsa+Anfaco: conserveiras sostibles e mexillón premium



Chini Porro, coordinadora da unidade mixta Anfaco-Jealsa-Rianxeira, traballando

Dúas empresas do grupo conserveiro Jealsa Rianxeira (Rianxeira e Ecuris S.L.) e Anfaco-Cecopesca (Asociación Nacional de Fabricantes de

Conservas de Peixe e Marisco) veñen de unir esforzos nunha das novas unidades mixtas con tres retos moi claros: avanzar cara á fábrica conservei-

ra do futuro, con tecnoloxías que reduzan o impacto ambiental e melloren a eficiencia do proceso de produción; dotar á acuicultura do mexillón

de técnicas que permitan obter exemplares de maior tamaño; e afondar no coñecemento útil para avaliar a presenza das biotoxinas mariñas emergentes nas rías, resume a coordinadora da unidade mixta, Chini Porro.

“O modelo de unidade mixta favorece que as empresas fortalezan os seus departamentos de innovación en Galicia, creando un contorno favorable para desenvolver unha economía baseada no coñecemento e na innovación”, valora a investigadora.

Seis doutores, 5 licenciados, un enxeñeiro e un técnico integran nestes momentos a unidade. A alianza, que deberá estenderse polo menos ata outubro de 2017, conta cun orzamento de 2 millóns de euros, o 50% achegado por Jealsa, o 30% pola Xunta e o 20% restante, por Anfaco-Cecopesca.

Crece moi cativamente



Xoán Antón Pérez-Lema

O autor é avogado

NO 2014 GALICIA FOI O TERRITORIO DO ESTADO no que menos medrou o Produto Interior Bruto (PIB). Só un 0,5 por cento fronte ao 1,4% estatal, o 2,5% rioxano ou o 2,2% extremeño ou canario. Para máis, a nosa desindustrialización é evidente, cun peso dos servizos que acada xa o 60 por cento. E tamén é nidia a atonía no crédito.

Como ven de informar EL CORREO GALLEGO, Madrid, cun 18% do PIB estatal supón o 26,5% de crédito, fronte ao noso país, que ten que financiar un 5,4% do PIB estatal con só o 3,16% do seu crédito, mentres os avais do IGAPE ás empresas, que terían de compensar parcialmente es-

ta insuficiencia, recurtáronse no 2014 un 60% a respecto do 2013.

O presidente Núñez Feijóo ven de dicir que esta catividade no crecemento galego é allea á súa responsabilidade por depender de circunstancias esóxenas propias dos sectores naval, enerxético e da automoción. Mais esta suposta falla de responsabilidades non atura unha análise obxectiva. A atonía do sector enerxético atopa boa parte da súa razón de ser na derogación da adxudicación eólica de 2008, que xa estaba en fase de implementación no verán do 2009. Perdéronse dous anos nun novo reparto eólico que foi xa imposible de instrumentar, por mor das

Canto ao naval, o Goberno galego non foi quen de facer realidade os seus insistentes anuncios de novas contratacións

novas restricións crediticias e de retribución. Galicia perdeu o liderado nun sector de futuro, non só no que atinxe á produción enerxética, senón ao mantemento dun sector industrial punxante que botamos a perder no novo escenario.

Canto ao naval, o Goberno galego non foi quen de facer realidade os seus insistentes anuncios de novas contratacións e non explicou aínda o fu-

turo dos supostos investimentos de PEMEX. Mentres tampouco foi quen de defender a xeito a capacidade técnica e produtiva do naval ferrolán fronte á xestión catastrófica dunha ineficiente e centralizada Navantia. De pouco valen os supostos Gobernos amigos si non somos quen de influir nas súas decisións.

As responsabilidades por omisión da Xunta na liquidación parcial do subsistema financeiro galego e na ausencia dunha política de reindustrialización tampouco son alleas a esta atonía económica. O crecemento esixe de proxectos e de financiamento e non casa coa perpetuación da austeridade.

Gradiant+Everis: as TIC ao servizo do sistema sanitario



Helena Fernández, directora técnica de e-saúde do centro tecnolóxico Gradiant

Medidores da presión arterial ou da glucosa en sangue que deriven en tempo real a información aos profesionais sanitarios ou solucións que

permitan a quen sufriu un ictus a realizar actividades de recuperación no seu fogar baixo pauta médica. Estas son algunhas das solucións nas que

está a traballar a nova unidade mixta do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant) e a multinacional Everis, centrada no

desevolvemento de compoñentes de software e modelos de xestión socio-sanitaria.

“As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son fundamentais para os sistemas sanitarios. Bo exemplo diso son a historia clínica electrónica e os novos sistemas informáticos de prescrición de medicación”, comenta Helena Fernández, directora técnica de e-saúde en Gradiant.

O centro tecnolóxico, con sede en Vigo, conta dende finais de 2013 cunha liña de investigación centrada nas TIC ao servizo da sanidade, reforzada agora con esta unidade mixta.

Dende a súa constitución en xullo de 2014, a unidade permitiu xa a contratación de máis de 10 enxeñeiros. Moverá en 3 anos 2,1 millóns. A Xunta achega 0,65 millóns.

Itmati+Repsol: a batería do coche eléctrico mellorada



Persoal da unidade Repsol-Itmati, na súa sede, no campus de Santiago. Foto: Javi Regos

Alongar a vida das baterías dos coches eléctricos e mellorar o seu proceso de recarga coas matemáticas como ferramenta. Esta é unha das liñas de

investigación da unidade mixta formada pola compañía Repsol e o Itmati, o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial que integra a investigado-

res das tres universidades galegas.

Das matemáticas tamén se agarda que saian respostas que melloren a toma de decisións na pla-

nificación da produción de plantas industriais ante, por exemplo, a incerteza dos prezos, pero tamén para inferir modelos complexos de fenómenos físicos e químicos a partir dun reducido número de observacións, explica Francisco Rodríguez Calo, investigador da dirección de computación avanzada do Centro de Tecnoloxía de Repsol e membro da unidade mixta.

A creación da unidade co apoio da Xunta, e a dirección científica do profesor da USC Alfredo Bermúdez de Castro, xerou 9 empregos e agárdase crear 2 máis en breve. Pero o ecosistema de traballo abrangue uns 30 investigadores, incluíndo persoal do Itmati, das universidades e de Repsol. Mobilizará 2,1 millóns de euros. Repsol achega o 46,75% dos fondos, a Xunta cobre o 30% e o Itmati, o 23,25%.

Récord de trasplantes de médula ósea con 197

En 2014 se duplicaron los donantes, hasta 1.250, aún por debajo del promedio estatal

Santiago. El número de trasplantes de médula ósea (progenitores hematopoiéticos) efectuados en Galicia en 2014 ascendió a 197, lo que constituye un récord histórico en esta actividad asistencial en el Sergas. Del total, 184 fueron a adultos, con una edad media de 50 años; mientras que los infantiles fueron 13, con una edad media de nueve años, precisa Sanidade.

Los trasplantes se distribuyen entre los centros de la red del Segas. Así, en el Complejo Hospitalario Universitario de Vigo (Chuvi) se realizaron 54; en el de Santiago (CHUS) 52 (13 de los cuales fueron pediátricos); en el de A Coruña 50; 17 en el Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA); 14 en el Complejo Hospitalario Universitario de Ourense (Ourense); y 10 en el de Pontevedra.

DONACIONES. El número de donaciones de médula ósea en Galicia fue de 1.250, lo que supuso duplicar las cifras de 2013 (636). Con todo, la tasa de donantes se sitúa por debajo de la media de España, por lo que el Sergas incide en la necesidad de hacerse donador. La consellería y la Fundación Josep Carreras tienen una página web [-http://galicia.medulaosea.org-](http://galicia.medulaosea.org) que facilita los trámites de registro. También pueden realizarse a través del 900 100 828 o 900 102 688. E.P.

AS CIFRAS

110

Empregos de alta cualificación

As primeiras oito unidades mixtas xeraron xa 110 empregos de alta cualificación en Galicia. Ao longo dos tres anos mobilizarán 30 millóns de euros entre o achegado por cada socio e o apoio da Xunta. Coa segunda edición do programa agárdase chegar aos 250 empregos e mobilizar 50 millóns.